



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Literatura Galega Contemporánea 2	Código	613G02036	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme	Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es	
Profesorado	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme Rivadulla Costa, Diego	Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es diego.rivadulla@udc.es	
Web	www.udc.es/filo			
Descrición xeral	Estudo das principais etapas, movementos literarios, así como das autoras e autores máis representativos da Literatura Galega do século XX.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Analisar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos.	A1 A2 A3 A4 A10 A11	B1 B2 B5 B7
Coñecer e aplicar diferentes métodos e técnicas de análise á produción literaria e cultural galega do século XX.	A1 A2 A3 A4 A7 A11 A14 A15 A17 A23	B1 B3 B7	C1 C4 C6
Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e as súas mudanzas de paradigma	A1 A4 A7 A10 A11 A14 A17 A19 A23 A27	B3 B5 B8 B10	C1 C4 C7



Aplicar as técnicas de análise cultural, considerando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos	A1 A2 A3 A4 A10 A11 A15 A17	B4 B5 B7 B9	C1 C7
Adquirir as habilidades necesarias para analizar e interpretar os mecanismos da creación literaria.	A1 A2 A4 A10 A11 A15 A17	B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8	C1 C6 C8
Coñecer e valorizar a diversidade cultural, con especial atención ao ámbito galego-portugués.	A7 A10 A11 A14 A15 A17 A19 A23 A27	B1 B3 B4 B5 B8 B10	C1 C4

Contidos	
Temas	Subtemas
1.- Introducción xeral á literatura galega do séc. XX	1.1.- Caracterización xeral. Periodización 1.2.- Cuestións metodolóxicas
2.- O segundo renacemento	2.1.- As liñas de actuación cultural das Irmandades: ampliación e consolidación do sistema literario 2.2.- Da "Xeración do 16" ao grupo Nós: caracterización e problemas. 2.2.1.- Principais autores. Análise de textos representativos 2.3.- Á procura da renovación temática e formal. As vangardas e a súa influencia. 2.3.1.- Principais autores. Análise de textos representativos
3.- A literatura de posguerra e o exilio ás dúas beiras do Atlántico: continuidade e ruptura	3.1 Guerra civil e posguerra na Galiza. 3.2. A literatura e cultura galegas na emigración e no exilio. 3.2.1. Principais autores. Análise de textos representativos
4.- A recuperación literaria no interior a partir de 1950	4.1. A reconstrución do sistema literario: axentes editoriais e actividade cultural. Grupos, movementos e autores/as. 4.2.- Continuidade e innovación na literatura da década de 60 4.2.1.-Principais autores/as. Análise de textos representativos 4.3.- Renovación da linguaxe poética, narrativa e teatral na década de 70 4.3.1.- Principais autoras/es. Análise de textos representativos
5.- Da década de oitenta á actualidade	5.1 Diversificación xenérica. Grupos, movementos e autoras/es. 5.2 A irrupción das autoras e a apertura a novos discursos. 5.3. Análise de textos representativos



Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A1 A2 A3 A4 A10 A11 A14 A15 A17 A23 A27 B1 B2 B3 B7 B8 B9 B10 C1 C2 C4	20	10	30
Lecturas	A3 A4 A7 A10 A11 A14 A15 A17 A19 A23 A27 B1 B3 B5 B7 B8 C4 C6 C8	0	34	34
Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A7 A10 A11 A15 A17 A19 A23 A27 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 C1	2	32	34
Presentación oral	A2 A4 A7 A10 A11 A15 B1 B3 B4 B6 B7 B9 C1	1	8	9
Eventos científicos e/ou divulgativos	A11 A14 B3 B5 B7 B8 C6	2	2	4
Actividades iniciais	A17 A7 B9 B7 C2 C1	1	0	1
Sesión maxistral	A1 A3 A7 A10 A11 A14 A15 A17 A19 A23 A27 B1 B2 B5 B7 B9 B10 C4 C6 C7 C8	20	10	30
Atención personalizada		8	0	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	A profesora iniciará a análise e o comentario das obras literarias incluídas na programación e solicitará do alumnado a realización de comentarios individualizados segundo as pautas establecidas.
Lecturas	O alumnado deberá realizar a lectura das obras literarias obrigatorias antes da sesión correspondente. As lecturas representan, xunto ás prácticas de comentario, unha das actividades principais do curso e, como tal, serán avaliadas.
Proba mixta	Proba escrita en que se demostrarán os coñecementos e competencias adquiridos e que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes e de control de lecturas.
Presentación oral	Presentación oral individual dunha ou varias obras incluídas nos contidos da materia, seleccionadas entre a profesora e cada estudante no inicio do curso. Nalgún caso, e previa á exposición na aula, o/a alumno/a terá que ter entregado unha breve ficha de lectura e un esquema da exposición. Esta poderá ser completada coa utilización de material audiovisual de apoio.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia e participación a eventos relacionados coa materia que se realicen na propia facultade ou noutros lugares accesíbeis para o alumnado.
Actividades iniciais	Toma de contacto para coñecer o nivel de coñecementos, lecturas, manexo dos recursos e fontes de información, intereses etc do alumnado da materia.



Sesión maxistral	Sesións teóricas presenciais en que se presentarán os puntos principais dos contidos da materia, como punto de partida para o traballo posterior do alumnado. O coñecemento dos contidos desenvolvidos nestas sesións será esixido para a superación do curso.
------------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Através destas metodoloxías avaliarase a evolución individual de cada alumno ou alumna, de maneira que en calquera momento se podan activar mecanismos compensatorios ou de consolidación de coñecementos ou destrezas.
Sesión maxistral	
Análise de fontes documentais	A profesora encargárase de recibir e asesorar o alumnado en todas as cuestións que lle formular; ao tempo tratará en todo momento lle facer as observacións, indicacións puntuais bibliográficas, etc que puideren ser do seu interese.
Proba mixta	Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudantado matriculado para se examinar na oportunidade adiantada de decembro.
Presentación oral	
Actividades iniciais	

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Lecturas	A3 A4 A7 A10 A11 A14 A15 A17 A19 A23 A27 B1 B3 B5 B7 B8 C4 C6 C8	O control das lecturas poderá realizarse mediante a entrega dos resumos ou fichas, mediante exposición oral ou cunha parte específica dentro da proba mixta.	20
Análise de fontes documentais	A1 A2 A3 A4 A10 A11 A14 A15 A17 A23 A27 B1 B2 B3 B7 B8 B9 B10 C1 C2 C4	Os comentarios de textos que o alumnado realice na aula ou na casa poderán ser recollidos e avaliados ao longo do curso ou ben serán incluídos como unha parte específica dentro da proba mixta.	10
Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A7 A10 A11 A15 A17 A19 A23 A27 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 C1	Proba escrita en que se demostrarán os coñecementos e competencias adquiridos e que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes e de control de lecturas.	40
Presentación oral	A2 A4 A7 A10 A11 A15 B1 B3 B4 B6 B7 B9 C1	A/o estudante exporá na aula, durante un tempo mínimo de 15 minutos e un máximo de 25, un comentario sobre unha das obras propostas no inicio do curso. A exposición poderá ser completada coa utilización de material audiovisual de apoio. Previamente terá que ter entregado unha breve ficha de lectura e un esquema da exposición.	25
Eventos científicos e/ou divulgativos	A11 A14 B3 B5 B7 B8 C6	Valorarase a participación nestes eventos a través da realización de fichas resumo e/ou comentarios que se entregarán á profesora.	5

Observacións avaliación



Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no conxunto de actividades que compoñen a avaliación.

O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado. Asemade, todas as actividades deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal...). As deficiencias lingüístico-expositivas serán penalizadas na cualificación.

SEGUNDA OPORTUNIDADE (XULLO)

Aquel alumnado que non superase a materia con anterioridade, terá que presentar/realizar as actividades avaliábeis non superadas ou non presentadas anteriormente. A data límite de entrega será a marcada para o exame do mes de xullo.

ALUMNADO A TEMPO PARCIAL OU CON DISPENSA ACADÉMICA O alumnado que estea matriculado a tempo parcial ou que conte con dispensa académica terá condicións especiais de avaliación:

1. Proba mixta: 40%
2. Análise de fontes documentais: 30% (presentación dun comentario escrito e doutro oral)
3. Presentación oral (comentario dunha obra definida no inicio do curso): 20%

Para fixar as datas das presentacións orais o alumnado deberá poñerse en contacto coa profesora (carne@udc.gal) nas dúas primeiras semanas do curso.

AVALIACIÓN DA OPORTUNIDADE ADIANTADA DE DECEMBRO Nesta oportunidade adiantada cada alumno/a será avaliado/a mediante unha "Proba mixta", que suporá o 70 % da cualificación final e que terá lugar na data oficial marcada pola Facultade de Filoloxía, e unha presentación (oral y escrita) puntuábel até un 30%.

NON PRESENTADO/A

Considerarase como NON PRESENTADO/A o/a alumno/a que non entregue o traballo final obrigatorio ou non realice a proba escrita. **ALUMNADO REPETIDORO** alumnado repetidor que non poida asistir ás aulas deberá comunicalo a través dun correo electrónico á profesora (carne@udc.gal) nas dúas primeiras semanas do curso. Neste caso, o seu sistema de avaliación será similar ao do alumnado con dispensa académica.

OUTRAS PRECISIÓNS

Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado en Moodle).

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).



Bibliografía básica	<p>- Asociación Socio-Pedagóxica Galega (ed.)A.VV. (1996). Historia da Literatura Galega 5 vols.. Vigo: A Nosa Terra</p> <p>- Bernárdez, C. L. et alii (2001). Literatura galega S. XX. Vigo: A Nosa Terra</p> <p>- Carballo Calero, R. (1981). Historia da Literatura Galega Contemporánea. Vigo Xerais</p> <p>- Rodríguez Sánchez, F. (1990). Literatura galega contemporánea. Problemas de método e interpretación . Vilaboa: Ed. do Cumio</p> <p>- Tarrío, Anxo (coord.) (). Galicia. Literatura (vols. XXXII-XXXIV) . A Coruña:Hércules de edicións</p> <p>- Tato Fontaiña, L. (1999). Historia do Teatro Galego. das orixes a 1936. Vigo: A Nosa Terra</p> <p>- Vilavedra, D. (1999). Historia da Literatura Galega. Vigo: Galaxia</p> <p>- Vilavedra, D. (coord.) (1995-2000). Dicionario da Literatura Galega. Vigo: Galaxia</p> <p>OBRAS DE LECTURA OBRIGADA: - Ramón Cabanillas: Da terra asoballada - Ramón Otero Pedrayo: Arredor de si</p> <p>- Alfonso R. Castelao: Un ollo de vidro / Retrincos - Manuel Antonio: De catro a catro - Un poemario a determinar entre os seguintes títulos:Uxío Novoneyra: Os Eidos Manuel María: Documentos personaesLuis Pimentel: Sombra do aire na herbaCelso Emilio Ferreiro: Longa noite de pedraMaría Mariño: Palabra no tempoBernardino Graña: Profecía do mar - Álvaro Cunqueiro: O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca - Xohana Torres: Adiós, María - Eduardo Blanco-Amor: Xente ao lonxe - Un poemario a determinar entre os seguintes títulos:Xosé Luis Méndez Ferrín: Con pólvora e magnoliasXohana Torres: Estacións ao marLuz Pozo Garza: Códice CalixtinoAvilés de Taramacos: As torres no ar- Unha obra narrativa publicada despois de 1990 de AUTORÍA FEMININA, elixida por cada alumno/a a partir dunha listaxe fornecida pola profesora no inicio do curso. Sobre esta obra versará o comentario que será desenvolvido na presentación oral. A profesora facilitará, a través da plataforma Moodle, unha selección de textos poéticos e críticos que serán tamén de lectura obrigada.</p>
Bibliografía complementaria	<p>A profesora facilitará, a través da plataforma Moodle, a bibliografía e os recursos bibliográficos complementarios pertinentes para cada un dos temas e cada unha das obras obxecto de estudo nesta materia.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Literatura Galega/613G02012

Literatura Galega Contemporánea 1/613G02024

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Poesía en Lingua Galega e Portuguesa/613G02043

Narrativa e Ensaio en Lingua Galega e Portuguesa/613G02046

Teatro en Lingua Galega e Portuguesa/613G02047

Observacións

Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coa profesora, persoalmente en horario de atención ao alumnado, ou concertando cita previa no enderezo electrónico: carne@udc.gal

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías